



A TRADICIÓN ORAL LUSA PROTAGONIZA O ARRANQUE DO FESTIVAL ATLÁNTICA ESTE LUNS 3 DE XULLO EN SANTIAGO

- O portugués Luis Correia Carmelo e a galega Raquel Queizás ‘tomarán’ o CSC Maruxa e Coralia con tres espectáculos
- Atlántica vai estar presente en 24 concellos ata o vindeiro 9 de xullo
- Toda a programación do festival pódese consultar na web festivalatlantica.gal



Un espectáculo do Festival Atlántica 2022 no claustro do Museo do Pobo Galego (Foto: Xaime Cortizo)

Santiago, 1 de xullo do 2023. O **Festival Atlántica** inaugura a súa actividade en Santiago de Compostela, a súa principal sede, este luns, 3 de xullo, con tres actividades a cargo de **Raquel**

Queizás e Luis Correia Carmelo. Todas elas van ser no CSC Maruxa e Coralia e terán carácter gratuito con entrada libre ata completar o aforo. Atlántica ten presenza na cidade compostelá grazas ao financiamento da Xunta de Galicia e da Deputación da Coruña e mais á colaboración do Concello de Santiago de Compostela.

O programa comezará ás 18 horas con **‘Chimpo de ra’**, unha proposta da galega Raquel Queizás concibida para os bebés con idades entre un e tres anos. A historia de dous irmáns, Nano e Nona, da relación entre eles, con celos e afectos, aventuras e desventuras, é o fío condutor deste espectáculo.

Un chisco máis tarde, ás 18:45 horas, será a cita do portugués **Luis Correia Carmelo** coa cativada maior de cinco anos e as súas familias. En **‘Nin dúas nin tres... era unha e só unha vez’** os protagonistas son as adiviñas, trabalinguas, lerias e os contos acumulativos da tradición oral portuguesa. Todos eles mestúranse para convidar aos máis pequechos a xogar, comprender e pensar.

Esta primeira xornada de Atlántica en Santiago rematará con outro espectáculo do narrador portugués pero, desta volta, dirixido ao público adulto. Trátase de **‘Contantinas’**, historias acompañadas dunha concertina nunha *performance* onde palabra e música van da man. Localizadas nun imaxinario de principios do século XX, estas historias falan da misteriosa ligazón entre as persoas e dos seus encontros e desencontros.

A actividade na cidade picheleira vai continuar ata o sábado 8 de xullo ata completar unha vintena de espectáculos. Fiel á súa filosofía, Atlántica vai programar un amplo abano de funcións tan variadas como os públicos aos que se dirixe. Haberá espectáculos para todas as idades, de temática diversa, en horarios variados e en diferentes puntos da cidade. Tamén están previstos pases con interpretación en lingua de signos. Toda a información sobre os espectáculos e os artistas do festival está dispoñible na web festivalatlantica.gal.

Sobre os artistas

Luis Correia Carmelo. Este artista portugués emigrou a Brasil de neno e ao seu regreso, comezou no mundo dos contos a estudar e recoller historias e músicas tradicionais. Hoxe en día é un dos grandes referentes da narración oral lusa e trae a Santiago un espectáculo onde o humor, o maravilhoso e o cotián palpitan ao ritmo da súa concertina.

Raquel Queizás. É actriz, monicrequeira e, sobre todo, contadora de historias. O seu repertorio inclúe contos tradicionais, lendas, adaptacións de contos de autor e historias propias. Os contos formaron parte da súa vida desde pequena e leva xa vinte anos inmersa profesionalmente no mundo da narración oral e do teatro.

Por toda Galicia... e Portugal

Os contos do Festival Atlántica están a se espallar por boa parte da xeografía galega ata o vindeiro 9 de xullo. Grazas ao esforzo conxunto das entidades que colaboran no festival, as máis de **90 actuacións** desta edición van chegar ás **24 sedes** repartidas polas catro provincias galegas. Amais de Santiago de Compostela, este ano participan en Atlántica os concellos de Teo, A Coruña, Alfoz, Boiro, Brión, Carnota, Castro de Rei, Cuntis, Chantada, Dodro, Ferrol, Mugar dos, Outes, Ourense, Paderne, Pobra de Trives, Pobra do Caramiñal, Rianxo, Ribeira, A Estrada, Sanxenxo e Vigo. A esta listaxe cómpre engadir a sede portuguesa de Pitões das Júnias, en Montalegre.

Festival Atlántica

Atlántica, Festival Internacional de Narración Oral, naceu no ano 2013 con sede en Santiago de Compostela cunha clara vocación de ser un encontro de voces e historias de perfil atlanticista.

Ao seu obxectivo de indagar nas raíces comúns das historias do océano cos anos foise agregando a posta en valor e difusión de espazos patrimoniais do país e a clara vocación de levar espectáculos de calidade a cidades e vilas das catro provincias. O número e a calidade de artistas e propostas escénicas foi medrando ata convertelo nunha cita ineludible da narración oral da Península.

+INFO: <http://festivalatlantica.gal>

KIT DE PRENSA FESTIVAL ATLÁNTICA 2023: <https://cutt.ly/Atlantica2023>

FOTOS EDICIÓNS ANTERIORES: <https://www.flickr.com/photos/festivalatlantica>

CONTACTO: **Bea Pérez** | 604 070 409 | prensa@festivalatlantica.gal

AXENDA SANTIAGO | LUNS 3 XULLO

18.00 h - CHIMPO DE RA de **Raquel Queizás** (Galicia)
CSC Maruxa e Coralia | Bebés (1-3 anos) | Galego

18.45 h - NIN DÚAS NIN TRES... ERA UNHA E SÓ UNHA VEZ de **Luis Correia Carmelo** (Portugal)
Xardíns do CSC Maruxa e Coralia | Público familiar (+5 anos) | Portugués

21.00 h - CONTATINAS de **Luis Correia Carmelo** (Portugal)
Xardíns do CSC Maruxa e Coralia | Público adulto | Portugués